



## Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Literatura Española Medieval	Código	613G01022		
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Castelán				
Prerrequisitos					
Departamento	Filoloxía Española e Latina				
Coordinación	Tato Garcia, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es		
Profesorado	Martínez García, Paula Tato Garcia, Cleofe	Correo electrónico	paula.mgarcia@udc.es cleofe.tato@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo da literatura medieval española nos seus principais autores e obras.				

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



Coñecer os principais autores e obras da literatura medieval española, percibindo as súas características e os elementos que permiten integralos nun mesmo período	A3	B1	C1
	A5	B2	C3
	A10	B3	
	A11	B4	
	A16	B5	
	A17	B6	
	A18	B7	
	Ser quen de analizar e comentar textos significativos do período	A1	B1
A2		B2	C3
A5		B3	C4
A10		B4	C7
A11		B5	
A15		B6	
A16		B7	
A17		B10	
A18			

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción.	Cuestións previas. Características xerais da Idade Media e da literatura medieval española
2. Da lírica tradicional á poesía de cancionero	Jarchas e lírica tradicional. Características A poesía cancioneril: panorama xeral. Marqués de Santillana: estudo da súa obra Jorge Manrique: estudo da súa obra
3. A épica medieval española.	A épica española e as súas características. Ciclos épicos Estudo do "Cantar de Mio Cid";
4. O Romanceiro	Os romances vellos: o problema da súa orixe. Clasificación, temas, características.
5. Do mester de clerecía ao Libro de Buen Amor	O mester de clerecía: problemas, textos e autores. Gonzalo de Berceo: estudo dos seus "Milagros"; Juan Ruiz e o "Libro de Buen amor";: principais problemas.
6. Formas dramáticas e semidramáticas no Medievo.	Teatro e espectáculo na Idade Media. Panorama xeral. O "Auto de los Reyes Magos";. Outras producións
7. A prosa na Idade Media	Panorama xeral: de Alfonso X ao século XV. Principais tipos prosísticos e evolución. Don Juan Manuel: estudo do "Libro del Conde Lucanor"; A prosa de ficción sentimental: aproximación a Diego de San Pedro e a "Cárcel de amor";

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	15	7	22
Proba mixta	3.5	12	15.5
Obradoiro	21	10	31
Traballos tutelados	0	20	20
Lecturas	5	52	57
Actividades iniciais	0.5	0	0.5
Atención personalizada	4	0	4



\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nas clases expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente no profesor, que tratará de ofrecer panoramas xerais sobre as etapas da Idade Media e sobre os distintos ámbitos literarios. A exposición do profesor apoiarse sempre na lectura e análise dos textos literarios, e a intervención pertinente dos alumnos que o consideren.
Proba mixta	Proba na que se busca que respondan por escrito, de xeito completo e coherente, a preguntas de certa amplitude; valorarase especialmente a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.) e espírito crítico. Combinará a teoría e a praxe, de maneira que o estudante aplique as nocións teóricas adquiridas a análise de cuestións referidas aos textos de lectura.
Obradoiro	Coa finalidade de aprofundar no estudo das obras, que han ser previamente lidas polos estudantes, combinaranse diversas metodoloxías e probas (exercicios de resumo, solución de problemas, prácticas guiadas, etc.).
Traballos tutelados	Traballo tutelado polo profesor da asignatura para promover a aprendizaxe autónoma (versará sobre algún aspecto relacionado co programa). Desenvolverase de acordo cas pautas establecidas e axustarase as características formales marcadas.
Lecturas	As lecturas das obras literarias son o eixo sobre o que pivota esta materia, non so dos textos fundamentais que se estudan, senon tamén de artigos críticos e bibliografía complementaria.
Actividades iniciais	Exame dos coñecementos previos relacionados coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita articular unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Lecturas Traballos tutelados Obradoiro	O alumno poderá sempre, se for preciso, requirir a atención personalizada do profesor, tanto nas sesións adicadas a obradoiro como nas horas de titoría semanais que a profesora ten asignadas. Os traballos tutelados requiriran, polo menos, de dúas titorías coa profesora antes da súa entrega.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Avaliarase a orixinalidade, correcta estruturación de contidos, corrección expositiva, calidade e profundidade da análise así como a súa correcta presentación e logro dos obxectivos propostos. Valorarase a capacidade de relación co visto na aula; axustaranse as normas de presentación que se establezan.	30
Proba mixta	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase nas datas oficiais unha proba mixta de carácter teórico-práctico na que se plantexarán varias preguntas centradas na análise de diversos aspectos relacionados coas obras de lectura e nas que o estudante ha aplicar os coñecementos teóricos adquiridos ao tempo que demostra que leu os textos.	50
Obradoiro	Na aula realizaranse diferentes actividades nos obradoiros e algunha delas será obxecto de avaliación	20

#### Observacións avaliación



Só se aceptarán traballos e actividades que se entreguen nas datas establecidas, en soporte de papel e seguindo as normas para a entrega de traballos escritos que se precisarán en cada caso. Non se poderá aprobar a materia sen ter unha cualificación mínima de 5 sobre 10 na proba mixta. Na segunda oportunidade (xullo), o alumno realizará a proba mixta, que contará o 50% da nota, e o traballo tutelado, ao que se asigna en xullo o 50% restante da avaliación e que entregará na mesma data fixada oficialmente para o día do exame. **MOI IMPORTANTE:** O alumno será avaliado e calificado sempre que acuda ao exame; recibirá a cualificación de "NON PRESENTADO" cando non acuda. O alumno con dispensa de asistencia a clase recoñecida poderá ter asistencia personalizada para a realización das diversas actividades durante o curso.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- MONTANER FRUTOS, Alberto (ed.) (2011). Cantar de Mio Cid. Madrid, Real Academia Española</li> <li>- PARRILLA, Carmen (1995). Diego de San Pedro, "Cárcel de amor". Barcelona, Crítica</li> <li>- BELTRAN, Vicenç (2013). Jorge Manrique, "Poesía". Madrid, RAE</li> <li>- PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (1999). Marqués de Santillana, "Poesía lírica". Madrid, Castalia</li> <li>- Di SETEFANO, Giuseppe (ed.) (2010). Romancero. Madrid, Castalia</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- CANAVAGGIO, Jean (1994). Historia de la literatura española. Madrid: Gredos</li> <li>- DÍEZ BORQUE, José María (dir.) (1980). Historia de la literatura española. Madrid: Taurus</li> <li>- DEYERMOND, Alan (1995). Historia de la literatura española I. La Edad Media. Barcelona: Ariel</li> <li>- MEREGALLI, Franco (coord.) (1990). Historia de la literatura española. 1. Desde los orígenes al siglo XVII. Madrid: Cátedra</li> <li>- LACARRA, M<sup>a</sup> Jesús y Juan Manuel CACHO BLECUA (2012). Historia de la literatura española. I. Entre oralidad y escritura: la Edad Media. Crítica: Barcelona</li> <li>- MENÉNDEZ PELÁEZ, Jesús (1993). Historia de la literatura española. Edad Media. León: Everest</li> <li>- GÓMEZ REDONDO, Fernando (2012). Historia de la prosa de los Reyes Católicos: el umbral del Renacimiento. Madrid: Cátedra</li> <li>- GÓMEZ REDONDO, Fernando (1998-2002). Historia de la prosa medieval castellana. Madrid: Cátedra</li> <li>- RICO, Francisco (coord) (1981). Historia y crítica de la literatura española. Barcelona: Crítica</li> <li>- RICO, Francisco (coord) (1991). Historia y crítica de la literatura española. Edad Media. Primer suplemento. Barcelona: Crítica</li> <li>- LÓPEZ ESTRADA, Francisco (1987). Introducción a la literatura medieval española. Madrid: Gredos</li> <li>- RODRÍGUEZ CACHO, Lina (2009). Manual de Historia de la literatura española. 1. Siglos XIII al XVII. Madrid: Castalia</li> <li>- PEDRAZA JIMÉNEZ, Felipe B. y Milagros RODRÍGUEZ CÁCERES (1981). manual de literatura española. Edad Media. Pamplona: Cénlit</li> </ul>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías